



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

31 JUL 2024 13:20:26

Entrada **34907**

Sobre a afectación da incidencia informática a AENA e aos seus traballadores e traballadoras

| | |
|-----------------|--|
| Competencia | Competencias de la Cámara |
| Subcompetencia | Control e información |
| Tipo Expediente | 184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita. |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á incidencia informática mundial e a súa afectación aos sistemas de AENA, así como aos seus traballadores e traballadoras.**

A rede de aeroportos de AENA anunciou a través da súa canle de X o venres 19 de xullo que “debido a unha incidencia no sistema informático, estaban a producirse alteracións nos sistemas de AENA e nos aeroportos da rede en España, o que podería provocar atrasos”. Noutro comunicado AENA detallou que xa se estaban recuperando algúns dos seus sistemas tras a incidencia global que afectou a Microsoft e, en consecuencia, tamén a numerosas empresas en todo o mundo, non sendo, por tanto, algo exclusivo da empresa pública de aeroportos española.

Posteriormente todos os traballadores e traballadoras da empresa recibiron un comunicado do seu Presidente, Don Maurici Lucena, felicitándoos polo labor tan profesional de todo o persoal da empresa, en especial aqueles colectivos de cara ou non ao público, que demostraron unha enorme profesionalidade. No caso do Aeroporto de Barajas, o máis grande da rede, os traballadores tamén recibiron un efusivo mensaxe do Director Don Mario Otero Andión

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

31 JUL 2024 13:20:26

Entrada **34907**



recoñecendo a profesionalidade dos traballadores e traballadoras que na súa gran maioría quedaron voluntarios para ver como podían axudar xa que non se sabía que pasaba. O “Salario Emocional” tamén é importante e os traballadores agradéceno.

A empresa deu orde desde Recursos Humanos para que moitos traballadores y traballadoras quedasen forzosamente, se non había voluntarios, nos postos de traballo até "finalizar incidencia" porque realmente non se sabía que estaba a pasar, con todo, isto parece que se compensou de modo desigual.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. De modo voluntario ou forzoso cantos traballadores de AENA desagregados por aeroportos e SSCC quedaron a atender esta incidencia de Crowdstrike?
2. De que maneira o compensou AENA que gaña 1.600 millóns de euros?
3. Por que razón no Aeroporto Hub máis importante da rede, como é Madrid/Barajas, o Departamento de Recursos Humanos non dispón dun plan escrito de continxencia para este tipo de incidencias onde haxa reténs ou persoal voluntario que poida ser avisado e que faga que non se obrigue forzosamente baixo ameaza de expediente a quedar ao persoal saínte cando ademais isto non está contemplado no Convenio Colectivo nin “dúas horas” nin "até finalizar incidencia"?
4. Tras a experiencia da Nevada Filomena de 2021 segue sen haber un Plan de Continxencias en Recursos Humanos?



5. Aplicará AENA o artigo 136 do Convenio, que contempla premios e recompensas, a todos aqueles traballadores e traballadoras que se distinguan no cumprimento do seu traballo?

Madrid, a 31 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la incidencia informática mundial y su afectación a los sistemas de AENA, así como a sus trabajadores y trabajadoras.**

La red de aeropuertos de AENA anunció a través de su canal de X el viernes 19 de julio que “debido a una incidencia en el sistema informático, se estaban produciendo alteraciones en los sistemas de AENA y en los aeropuertos de la red en España, lo que podría provocar retrasos”. En otro comunicado AENA detalló que ya se estaban recuperando algunos de sus sistemas tras la incidencia global que afectó a Microsoft y, en consecuencia, también a numerosas empresas en todo el mundo, no siendo, por lo tanto, algo exclusivo de la empresa pública de aeropuertos española.

Posteriormente todos los trabajadores y trabajadoras de la empresa recibieron un comunicado de su Presidente, Don Maurici Lucena, felicitándolos por la labor tan profesional de toda la plantilla de la empresa, en especial aquellos colectivos de cara o no al público, que demostraron una enorme profesionalidad. En el caso del Aeropuerto de Barajas, el más grande de la red, los trabajadores también recibieron un efusivo mensaje del Director Don Mario Otero Andión reconociendo la profesionalidad de los trabajadores y



trabajadoras que en su gran mayoría se quedaron voluntarios para ver cómo podían ayudar ya que no se sabía qué pasaba. El “Salario Emocional” también es importante y los trabajadores lo agradecen.

La empresa dio orden desde Recursos Humanos para que muchos trabajadores y trabajadoras se quedaran forzosamente, si no había voluntarios, en los puestos de trabajo hasta "finalizar incidencia" porque realmente no se sabía que estaba pasando, sin embargo, esto parece que se ha compensado de modo desigual.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿De modo voluntario o forzoso cuántos trabajadores de AENA desglosados por aeropuertos y SSCC se quedaron a atender esta incidencia de Crowdstrike?
2. ¿De qué manera lo compensó AENA que gana 1.600 millones de euros?
3. ¿Por qué razón en el Aeropuerto Hub más importante de la red, como es Madrid/Barajas, el Departamento de Recursos Humanos no dispone de un plan escrito de contingencia para este tipo de incidencias donde haya retenes o personal voluntario que pueda ser avisado y que haga que no se obligue forzosamente bajo amenaza de expediente a quedarse al personal saliente cuando además esto no está contemplado en el Convenio Colectivo ni “dos horas” ni "hasta finalizar incidencia"?
4. ¿Tras la experiencia de la Nevada Filomena de 2021 sigue sin haber un Plan de Contingencias en Recursos Humanos?



5. ¿Aplicará AENA el artículo 136 del Convenio, que contempla premios y recompensas, a todos aquellos trabajadores y trabajadoras que se distingan en el cumplimiento de su trabajo?

Madrid, a 31 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso